

Con data 2 de marzo de 2023 tivo entrada na Universidade de Vigo unha solicitude de acceso á información pública ao amparo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, presentada por [REDACTED] na que indica:

(...) Dende o decanato da facultade de ciencias xurídicas queríamos comunicar aos egresados que fixeron o seu tfg ou o se tfm en galego no campo do Dereito, a posibilidade de presentarse a un premio xurídico que organiza a universidade, e necesitabamos enviarlle as bases a traves do correo electrónico. Non sei se se podería ter acceso para facelo, a fin de que se lles poida comunicar o dereito que teñen a presentarse a un premio con dotación económica (...)

Considerando os seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A *Guía de buenas prácticas* da CRUE, establece no apartado 1.8 *Contacto solicitado por el profesorado* que o envío de información de interese académico a estudantes, egresados e antigos estudantes require do seu previo consentimento.

SEGUNDO: Na Universidade de Vigo non se require, por defecto, o consentimento expreso do alumnado para continuar recibindo información, unha vez rematada a súa vinculación académica con esta.

E consonte os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 6.2 da lei orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales establece o seguinte: *Cuando se pretenda fundar el tratamiento de los datos en el consentimiento del afectado para una pluralidad de finalidades será preciso que conste de manera específica e inequívoca que dicho consentimiento se otorga para todas ellas.*

Esta Secretaría Xeral RESOLVE:

Denegar o acceso á información solicitada por non dispoñer do consentimento expreso do alumnado egresado e propoñer como solucións alternativas o emprego das listas de distribución de correo da Universidade de Vigo ou consultar coa Vicerreitoría de Estudiantado e Empregabilidade a posibilidade de utilizar a [Comunidade Alumni](#), coa finalidade de remitirille a información que se pretende difundir.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, previa e potestativamente, reclamación perante o Valedor do Pobo que será resolta pola Comisión de transparencia de Galicia no prazo dun mes; en ambos casos, o prazo contarase dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

O SECRETARIO XERAL

